



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA
1 DE FEBREIRO DE 2013.-**

Sres. Asistentes:

Sr. Alcalde:

D. JULIO IGNACIO IGLESIAS REDONDO.

Sres. Concelleiros:

D. JOSE EUGENIO FERNANDEZ LAGO

D^a MARIA VICTORIA MONTENGRO PAZ

D. ALMA BEATRIZ BARRON FERRO.

D^a OLIMPIA MARCOS GARCIA

D. JOSE JUAN VILAR RICO.

D^a M^a MERCEDES GRANDE REGUEIRO.

D. JUAN MANUEL SIXTO GALIANO

D^a JOSEFINA MARTINEZ MARTINEZ.

D. LUIS CENDAN FERNANDEZ

D. EMILIO MESIAS FARIAS

D. ANGEL M. FERNANDEZ PERMUY.

SR. SECRETARIO.:

D. MANUEL LARROSA RODRÍGUEZ.

No Salón de Sesiões da Casa Consistorial do Concello de Ares, sendo as dez horas e dez minutos do día un de febreiro de dous mil trece, previa convocatoria e citación ó efecto, reúnese o concello Pleno en sesión ordinaria e primeira convocatoria, baixo a Presidencia, do Sr. Alcalde-Presidente, D. Julio Ignacio Iglesias Redondo, con asistencia dos Sres. Concelleiros, que o marxe se relacionan, actuando como Secretario o que o é desta Corporación D. Manuel Larrosa Rodríguez.

Aberta a sesión pola Presidencia entrase no estudio e discusión dos asuntos incluídos na Orde do Día, adoptándose polo Concello Pleno os seguintes acordos:

PUNTO NÚM. 1.- RATIFICACIÓN CAMBIO DATA SESIÓN ORDINARIA.



Sr. Alcalde, por motivos de axenda, e por motivos de incorporar un punto pola vía de urxencia, que solo estaría preparado hoxe, e que se lles facilitou a documentación os voceiros para incluílo, pois retrasamos un día a convocatoria ordinaria e en lugar de celebrarse onte se celebra hoxe.

Toma a palabra o voceiro do BNG Sr. Mesias Farías: Bueno hai menos de 20 días que xa falamos deste tema, e parece que ser que reiteramos outra vez a situación, o Pleno Ordinario o marcamos ó principio do mandato, onde dicidimos por acordo Plenario celebralo o último xoves de cada mes ás 10 da mañá, todo o que pasa de ahí, non é ordinario, senón que é extraordinario, entón eu quería facer fincapé neste, porque ó amparo da lei 7/85 de 2 de abril, así como o artigo 47 do Real Decreto Lei 781/86 de 18 de abril, polo que o acordo ordinario polo que se fixa o réxime de sesións debe de ser modificado por outro acordo Plenario que estableza outro réxime de sesións, sempre que se respete o requisito mínimo de periodicidade, o Alcalde non pode modificar libremente o réxime de sesións fixado por acordo do Pleno, convocando a sesión en días distintos ós establecidos por este, xa que a negativa do Alcalde a celebrar sesión ordinaria na fecha precisada, xa que a negativa do Alcalde a celebrar sesión ordinaria na data precisada lesiona o dereito fundamental de participación nos asuntos públicos recollidos no artigo 23, tal e como sinalou a Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de 9 de xuño 1988, entón queremos que o Sr. Secretario nos informe a raíz desta consideración que nos facemos.

Toma a palabra o Sr. Alcalde-Presidente, efectivamente a convocatoria do Pleno ten que responder salvo circunstancias extraordinarias ratificadas en Pleno o que ti dis, precisamente porque se altera ven a ratificar, precisamente a razón da ratificación é porque nos apartamos da normativa ordinaria, ten que ser o xoves as 10,00 horas, moi ben, por razóns que efectivamente xa expliquei que é traer un punto importante que é traer o Prego de condicións para o concurso dos bombeos da EDAR, cuestión que depende de tres Concellos, depende de FENE, depende de MUGARDOS e depende de Ares, en consecuencia hai que coordinar tanto os servizos xurídicos, cos servizos administrativos de tres Concellos, tivemos que retrásalo un día porque estaba hoxe listo, precisamente por eso o ratificamos Emilio, a lexislación permite ratificar esa alteración e en consecuencia se se ratifica loxicamente é válida.

Sometida a votación a ratificación do cambio de data da Sesión Ordinaria do Pleno, o Concello Pleno por 7 votos a favor 6 PSdeG-PSOE e 1 NAL, 2 votos en contra do grupo municipal do BNG e 4 abstencións do Grupo Municipal do PP, acorda ratificalo cambio de día da sesión ordinaria do Pleno.



PUNTO NÚM. 2.- DAR CONTA INFORME TRIMESTRAL 2º TRIMESTRE 2012 “LEI 15/2010 DO 5 DE XULLO, MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE NAS OPERACIÓNS COMERCIAIS”.

Dase conta do Informe trimestral 2ª trimestre 2012 “Lei 15/2010 do 5 de Xullo, Medidas de Loita Contra a Morosidade nas Operacións Comerciais, que figura incorporado ó expediente e que presenta o seguinte resume:

En prazo núm. de operación 53, por importe de 153.466,10 euros.

Fora de prazo, núm. de operación 1684, por importe de 2.976.089,06 euros.

O Concello Pleno dase por enterado.

PUNTO NÚM. 3.- DESIGNACIÓN DE REPRESENTANTE EN ÓRGANOS COLEXIADOS “CONSELLO ESCOLAR CPI CONDE DE FENOSA”.

Dase conta da Proposta da Alcaldía do seguinte teor literal:

PROPOSTA DA ALCALDÍA

Designación representantes municipais en organismos.

Por acordo adoptado na sesión plenaria de data 15/07/2011, aprobouse o nomeamento de representantes da Corporación nos órganos colexiados que son competencia do Pleno designándose para representar ó Concello no Consello Escolar do Colexio Conde de FENOSA, o Concelleiro Dn. JOSE SALVADOR FERREIRO MONTENEGRO, e suplente a D. JOSE JUAN VILAR RICO.

Vendo a necesidade de nomear novamente os devanditos representantes por falecemento do titular.

Proponse

Designar para representar ao Concello no Consello Escolar do Colexio Público Conde de FENOSA ó Concelleiro, D. JOSE JUAN VILAR RICO, e suplente a Dna. OLIMPIA MARCOS GARCIA.

Toma a palabra o Sr. Alcalde, manifestando que aquí sabedes que estaba Pepe. Pepe faleceu por desgraza, e estaba indo o suplente, e o suplente necesita a súa outro suplente, entonces efectivamente e a designación de representantes nesos órganos.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación por unanimidade acorda prestarlle a súa aprobación.



PUNTO NÚM. 4.- DAR CONTA INFORME EXECUCIÓN PLAN DE AXUSTE.

Dase conta do informe do Sr. Secretario Interventor do seguinte teor literal:

“INFORME DE SECRETARÍA

Asunto : INFORME EJECUCIÓN PLAN AJUSTE

En cumplimiento de lo dispuesto en el Real Decreto-Ley 7/2012, de 9 de marzo, por el que se crea el fondo para la financiación de los pagos a proveedores que establece :

Seguimiento del Plan de ajuste

Artículo 10. Obligaciones de información de Entidades Locales.

Con carácter general, las Entidades locales que concierten las operaciones de endeudamiento previstas en este real decreto-ley, deberán presentar anualmente al Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas un informe del interventor sobre la ejecución de los planes de ajuste contemplados en el artículo 7 del Real Decreto-ley 4/2012, de 24 de febrero.

En el caso de las Entidades locales incluidas en el ámbito subjetivo definido en los artículos 111 y 135 del texto refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, se deberá presentar el informe anterior con periodicidad trimestral.

Del informe del interventor se dará cuenta al Pleno de la Corporación Local.

Dicho informe, cuyo contenido se determinará reglamentariamente, se someterá a requerimiento del Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas, a la valoración por los órganos competentes de éste, que informarán del resultado de dicha valoración al Ministerio de Economía y Competitividad.

Asimismo, con el fin de garantizar el reembolso de las cantidades derivadas de las operaciones de endeudamiento concertadas, las Entidades locales que las hayan concertado podrán ser sometidas a actuaciones de control por parte de la Intervención General de la Administración del Estado. La Intervención General concretará los controles a realizar y su alcance, en función del riesgo que se derive del resultado de la valoración de los informes de seguimiento.

Para la ejecución de dichas actuaciones de control, la Intervención General podrá recabar la colaboración de otros órganos públicos y de empresas privadas de auditoría, que deberán ajustarse a las normas e instrucciones que determine aquélla. La financiación necesaria para ello se realizará con cargo a los recursos del Fondo.

A su vez también en cumplimiento de la Orden HAP/2105/2012 de 1 de octubre, del Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas por la que se desarrollan las obligaciones de suministro de información previstas en la Ley Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidad Presupuestaria y Sostenibilidad Financiera que establece :

Artículo 10. Plan de ajuste.

1. La Administración que cuente con un plan de ajuste acordado con el Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas, durante su vigencia, deberá remitir al mencionado Ministerio antes del día quince de cada mes, en el caso de la Comunidad Autónoma, y antes del día quince del primer mes de cada trimestre en el caso de la Corporación Local, información sobre, al menos, los siguientes extremos:



a) Avales públicos recibidos y operaciones o líneas de crédito contratadas identificando la entidad, total del crédito disponible y el crédito dispuesto.

b) Deuda comercial contraída clasificada por su antigüedad y su vencimiento. Igualmente, se incluirá información de los contratos suscritos con entidades de crédito para facilitar el pago a proveedores.

c) Operaciones con derivados.

d) Cualquier otro pasivo contingente.

e) Análisis de las desviaciones producidas en el calendario de ejecución o en las medidas del plan de ajuste.

2. En el caso de que sea una Comunidad Autónoma la que cuente con un Plan de ajuste acordado, además de la información referida en el apartado anterior, deberá también remitir al Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas, antes del día quince de cada mes, información actualizada sobre la ejecución de su Plan de ajuste relativa, al menos, a los siguientes elementos:

a) Informe de la intervención general de la Comunidad Autónoma sobre la ejecución del plan de ajuste.

b) Ejecución presupuestaria mensual de los capítulos de gastos e ingresos.

c) Adecuación a la realidad del plan de ajuste y valoración de las medidas en curso, así como el calendario actualizado de las medidas ya aprobadas y ejecutadas y las medidas pendientes, con especial mención de las medidas aprobadas en el mes anterior.

d) Valoración de los riesgos a corto y medio plazo en relación con el cumplimiento de los objetivos que se pretenden con la aplicación del plan de ajuste. En particular, se analizarán las previsiones de liquidez y las necesidades de endeudamiento.

e) Análisis de las desviaciones que se han producido en la ejecución del plan de ajuste.

f) Recomendaciones, en su caso, de modificación del plan de ajuste con el objetivo de cumplir los objetivos de estabilidad presupuestaria y sostenibilidad financiera.

g) Información actualizada de su plan de tesorería y detalle de las operaciones de deuda viva, incluyendo las emisiones de deuda efectuadas en el mes anterior y la Tasa Interna de Rentabilidad.

3. Las Corporaciones Locales deberán remitir al Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas antes del día quince de enero de cada año o antes del día quince del primer mes de cada trimestre, si se trata de Corporaciones Locales incluidas en el ámbito subjetivo de los artículos 111 y 135 del texto refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, el informe sobre la ejecución del plan de ajuste, con el siguiente contenido mínimo:

a) Resumen trimestral del estado de ejecución del presupuesto. Si se trata de Corporaciones Locales incluidas en el ámbito subjetivo de los artículos 111 y 135 del texto refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales también se incluirá información referida a la previsión de liquidación del ejercicio, considerando la ejecución trimestral acumulada.

b) Ejecución de las medidas de ingresos y gastos previstas en el Plan y, en su caso, de las medidas adicionales adoptadas.

c) Comparación de los detalles informativos anteriores con las previsiones contenidas en el Plan para ese año y explicación, en su caso, de las desviaciones.

Y de la ampliación del plazo para remitir al Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas la información actualizada sobre la ejecución de dicho Plan desde el 14 y hasta el día 31 de enero, según ha publicado el propio Ministerio a través de la Oficina Virtual para la coordinación financiera con las Entidades Locales,

En su virtud se procede a elaborar el siguiente informe :



Primero.- El Pleno de la Corporación en la sesión del día 28 de marzo de 2012 aprobó el Plan de Ajuste en virtud del Real Decreto-Ley 4/2012, de 24 de febrero.

Segundo.- El Plan de Ajuste fue valorado favorablemente por la Secretaría General de Coordinación Autonómica y Local con fecha 30 de abril del 2012.

EJECUCIÓN PLAN DE AJUSTE

A) INGRESOS.

El Plan de Ajuste adoptado en el marco de la adopción de medidas urgentes y de carácter extraordinario en el marco del Real Decreto-Ley 4/2012, de 24 de febrero, el cual se extenderá durante el período 2012-2022, debiendo los presupuestos anuales que se aprueben durante el mismo, ser consistentes con el mismo, recoge ingresos corrientes para financiar los gastos corrientes y la amortización de las operaciones e endeudamiento, incluida la que se formalizó en el marco del citado Real Decreto-Ley 4/2012.

Así el Plan de Ajuste contemplaba como medidas de incremento de ingresos corrientes.

Dichas medidas fueron adoptadas mediante la aprobación de la adaptación de las respectivas Ordenanzas Fiscales al Plan de Ajuste, siendo aprobado en la sesión Plenaria del día 28 de marzo de 2012.

Dichas modificaciones fueron sometidas a información pública en el B.O.P. núm. 148, de 6 de agosto de 2012 y publicada su aprobación definitiva en el B.O.P. núm. 209, de 2 de noviembre de 2012.

En consecuencia en lo que respecta a los ingresos la ejecución del Plan de Ajuste se cumplido estrictamente, significando que dichas modificaciones se preveían en el Plan de Ajuste su entrada en vigor en el ejercicio 2013.

B) GASTOS.

Respecto a las medidas estructurales de reducción de gasto corriente y cuya virtualidad afectaba ya al ejercicio 2012, se aplicaron en los términos del Plan de Ajuste y que se referían a:

- Dos contratos de personal laboral (peones) no fueron objeto de renovación.
- Se amortizó una plaza de Policía Local.
- Se redujo la retribución del personal eventual –Aux. PXOM-.



- Reducción de la asignación a grupos políticos.
- Se redujeron las asistencias a órganos políticos e indemnizaciones.
- Resolución contrato limpieza centro de salud
- Reducción de partidas diversas, entre ellas relativas a gratificaciones/productividad.

Cabe significar que la reducción del capítulo VI está en el Plan de Ajuste prevista para el ejercicio económico del 2013 al igual que queda diferida a dicho ejercicio la amortización de una plaza de oficial de 1ª.

En su virtud, por esta Secretaría-Intervención se estima cumplida la ejecución del Plan de Ajuste en relación al año 2012, significándose que las cifras que se recogen en los cuadros previstos en la aplicación de la Oficina Virtual para la Coordinación Financiera con las Entidades Locales del MHAP, al no estar disponible la liquidación del ejercicio 2012, son una estimación, estimación que también se ha tomado por consiguiente para evaluar el cumplimiento del objetivo de estabilidad presupuestaria, evaluación del cumplimiento del límite de deuda y de la regla de gasto (art. 12 Lei Orgánica 2/2011 de Estabilidad Presupuestaria y Sostenibilidad Financiera). Por consiguiente variarán los resultados.”

Dase conta da Evaluación do cumprimento do obxectivo de Estabilidade Presupuestaria , e limite de Gasto non financeiro artigo 30 L.O. 2/2012 de Estabilidade Presupuestaria, e Calculo Regra de Gasto (Art. 12 Ley Organización 2/2012), elaborados polo Sr. Secretairo-Interventor que seguidamente se transcriben:

EVALUACIÓN DEL CUMPLIMIENTO DEL OBJETIVO DE ESTABILIDAD PRESUPUESTARIA

	PRESUPUESTO DE INGRESOS	Ayuntamiento	Ente dependiente	Consolidado
+	Capítulo 1: Impuesto Directos	1.781.273		1.781.273
+	Capítulo 2: Impuesto Indirectos	75.000		75.000
+	Capítulo 3: Tasas y otros ingresos	787.014		787.014
+	Capítulo 4: Transferencias corrientes	1.998.156		1.998.156
+	Capítulo 5: Ingresos patrimoniales	219.212		219.212



+	Capítulo 6: Enajenación de inversiones	0		0
+	Capítulo 7: Transferencias de capital	128.396		128.396
=	A) TOTAL INGRESOS (Capítulos I a VII)	4.989.052	0	4.989.052

PRESUPUESTO DE GASTOS				
+	Capítulo 1: Gastos de personal	1.759.482		1.759.482
+	Capítulo 2: Compra de bienes y servicios	2.228.656		2.228.656
+	Capítulo 3: Gastos financieros	252.820		252.820
+	Capítulo 4: Transferencias corrientes	200.690		200.690
+	Capítulo 6: Inversiones reales	287.782		287.782
+	Capítulo 7: Transferencias de capital	0		0
=	B) TOTAL GASTOS (Capítulos I a VII)	4.729.430	0	4.729.430
=	A - B = C) ESTABILIDAD/ NO ESTABILIDAD PRESUPUESTARIA	259.622	0	259.622
	D) AJUSTES SEC-95	18.833		18.833
	C+D= F) ESTABILIDAD/ NO ESTABILIDAD PRESUPUESTARIA	278.454	0	278.454
	% ESTABILIDAD (+) / NO ESTABILIDAD (-) : AJUSTADA	5,58%		5,58%
	% LIMITE ESTABLECIDO PARA 2012			0,00%
	OBLIGACION DE REALIZAR PLAN ECON.			NO

LÍMITE DE GASTO NO FINANCIERO ARTÍCULO 30 L.O. 2/2012, DE ESTABILIDAD PRESUPUESTARIA



CALCULO DE LA REGLA DE GASTO (art. 12 Ley Organica 2/2012)		Liquidación (*) Año 2012	
+	Cap.1 Gastos de personal	1.513.796,72 €.	
+	Cap.2 Compra de bienes y servicios	2.427.751,03 €.	
+	Cap.3 Gastos financieros	100.514,91 €.	
+	Cap.4 Transferencias corrientes	104.920,58 €.	
+	Cap.6 Inversiones	683.768,52 €	
+	Cap.7 Transferencias de capital	0,00 €	
=	A) EMPLEOS NO FINANCIEROS	4.830.751,76 €.	
+ / -	Ajustes SEC 95 que inciden en gastos	-1.049.504,24 €	
+ / -	Ajustes Consolidación presupuestaria		
=	B) EMPLEOS NO FINANCIEROS AJUSTADOS	3.781.247,52 €.	
-	Intereses de la deuda	100.514,91 €.	
-	Gastos financiados con fondos finalistas UE / AAPP	336.555,78 €.	
=	C) GASTO COMPUTABLE	3.344.176,83 €.	

(*) Al no disponer de la misma, se realiza una estimación de ésta

Variación del gasto computable		
Tasa de referencia crecimiento PIB m/p (Presupuestos 2013)		

1	NO CUMPLE REGLA DE GASTO		
2	Aumentos permanentes de recaudación (art. 12.4)		



3	Reducciones permanentes de recaudación (art. 12.4)		
= 1+2-3	MARGEN DE AUMENTO EN PRESUPUESTO DE GASTOS		

+	Variación del Gasto Computable		
+	Margen de aumento en Presupuesto de Gastos		
+	Intereses de la deuda		
+	Gastos financiados con Fondos finalistas UE/AAPP		
= 1+2-3	LIMITE DE GASTO NO FINANCIERO		

CÁLCULO REGLA DE GASTO (Art. 12 Ley Orgánica 2/2012)

	CALCULO DE LA REGLA DE GASTO (art. 12 Ley Organica 2/2012)	Liquidación (*) Año 2012	Presupuesto inicial consolidado Año 2013
+	Cap.1 Gastos de personal	1.513.797	1.759.482
+	Cap.2 Compra de bienes y servicios	2.427.751	2.228.656
+	Cap.3 Gastos financieros	100.515	252.820
+	Cap.4 Transferencias corrientes	104.921	200.690
+	Cap.6 Inversiones	683.769	287.782
+	Cap.7 Transferencias de capital	0	0
=	A) EMPLEOS NO FINANCIEROS	4.830.752	4.729.430
+ / -	Ajustes SEC 95 que inciden en gastos	-1.049.504	
+ / -	Ajustes Consolidación presupuestaria		



=	B) EMPLEOS NO FINANCIEROS AJUSTADOS	3.781.248	4.729.430
-	Intereses de la deuda	100.515	252.820
-	Gastos financiados con fondos finalistas UE / AAPP	336.556	624.769
=	C) GASTO COMPUTABLE	3.344.177	3.851.841

(*) En caso de no disponer de la misma, se realizará una estimación de ésta

La REGLA DE GASTO se calculará comprobando que la variación del gasto computable no supere la tasa de referencia del crecimiento del producto interior bruto, publicada por el Ministerio de Economía y Competitividad.

Variación del gasto computable		15,18%
Tasa de referencia crecimiento PIB m/p (Presupuestos 2013)		1,70%

Por tanto, debe cumplirse la siguiente ecuación:

TASA DE REFERENCIA DEL CRECIMIENTO DEL PIB >= VARIACIÓN DEL GASTO COMPUTABLE

Siendo:

VARIACIÓN DEL GASTOS COMPUTABLE = 100 X [(GASTO COMPUTABLE AÑO N/ GASTO COMPUTABLE AÑO N-1)]

N = ejercicio actual

N-1 = ejercicio inmediatamente anterior

1	NO CUMPLE LA REGLA DE GASTO		-450.813
----------	------------------------------------	--	-----------------



2	Aumentos permanentes de recaudación (art. 12.4)		828.156
3	Reducciones permanentes de recaudación (art. 12.4)		
= 1+2-3	MARGEN DE AUMENTO DEL GASTO COMPUTABLE		377.343

Variación del gasto computable teniendo en cuenta aumentos/reducciones permanentes de la recaudación	-9,58%
Tasa de referencia crecimiento PIB m/p (Presupuestos 2013)	1,70%

El incumplimiento en su caso de la regla de gasto implica la formulación de un Plan Económico-Financiero, que permita alcanzar el cumplimiento en el plazo de un año, de conformidad con lo dispuesto en los artículos 21 y 23 de la Ley Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidad Presupuestaria y Sostenibilidad Financiera.

Por tanto: Se cumple con la regla de gasto

O Concello Pleno dase por enterado.

CONTROL E FISCALIZACIÓN ORGANOS DE GOBERNO.

PUNTO 5º.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓN DICTADAS POLA ALCALDÍA-PRESIDENCIA, DENDE A CELEBRACIÓN DA ANTERIOR SESIÓN ORDINARIA.

De conformidade co previsto no artigo 42 do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro a Alcaldía-Presidencia procede a dar conta das Resolucións adoptadas pola mesma dende a celebración da última sesión plenaria ordinaria, ós efectos de control e fiscalización dos órganos de goberno previsto no artigo 22.2 a) de Lei 7/1985, de 2 de abril.

O Concello Pleno dase por enterado.

PUNTO 6º.- MOCIÓNS E PROPOSTAS.



a) MOCIÓN DO BNG, A FAVOR DUNHA XESTIÓN ECOLOXICA E SUSTENTÁBLE DO LIXO.

O Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate no Pleno da Corporación, a seguinte Moción. **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

A pesar da crise actual, en 2011 xeráronse en Galiza case 1,2 millóns de toneladas de residuos urbanos, que foron obxecto de tratamento nalgún dos tres modelos existentes no noso país: SOGAMA, NOSTIÁN e BARBANZA. Estes residuos conteñen cantidades importantes de recursos e o seu aproveitamento pode xerar moitos empregos.

Non obstante, entre os anos 2009 e 2011 caeron as porcentaxes de recollida selectiva e reciclaxe de vidro e de papel. Globalmente, a reciclaxe baixou até as 120.000 toneladas en 2011, o que supón o 10,5% do lixo xerado. Isto causa grandes perdas ecoiolóxicas e económicas. Mais non ten porque ser así, como vén demostrando ano tras ano o plan comarcal de reciclaxe e compostaxe da BARBANZA. Na Barbanza reciclan o 45% do lixo fronte ao 8% do ámbito SOGAMA, e xeran 10 veces máis emprego que no ámbito SOGAMA. Na recollida selectiva, reciclaxe e compostaxe, traballan na Barbanza entre 140 e 150 persoas. Traducido isto a nivel galego, teríamos uns 5.000 empregos, que doutra forma se perden na súa maioría. A implantación de proxectos comarcáis de reciclaxe e compostaxe permitiría criar 3.000 empregos adicionais aos que ofrece o modelo incinerador de SOGAMA.

Os residuos de envases atinxen un 40% do lixo xerado, medio millón de toneladas en Galiza, dos que só se recuperan no ámbito SOGAMA o 15%. Ecoembes e a Xunta impuxeron aos concellos o modelo de recollida da bolsa e contedor amarelos para os residuos de envases. Un modelo que non está a funcionar e que permite a Ecoembes furtar aos concellos galegos a maior parte do financiamento que por lei debería achegar. Así, os concellos galegos seguen correndo eos gastos de recollida e tratamento do 85% destes residuos de envases, un custo que non lles corresponde sufragar.

Todo isto é indicativo do fracaso da actual política da Xunta de Galiza nesta cuestión, que nin resolveu os problemas de financiamento dos servizos de xestión de residuos, nin permitiu os mínimos avances ecolóxicos. A Xunta vén de modificar o plan de xestión PXRUG 2010-2011, mais non para avanzar na xestión ecolóxica do lixo e na sustentabilidade económica da mesma, senón para facilitar a instalación dunha nova incineradora en Cerceda, unha vez abortado o seu proxecto para O Irixe, a que ten previsto financiar con 218 millóns de euros. Mais custos para os concellos e menos empregos.



Neste contexto, está en tramitación una Iniciativa Lexislativa Popular (ILP) co obxectivo de promulgar unha lei "para a aplicación efectiva dos principios de redución, reutilización e reciclaxe de residuos en Galiza". Na situación descrita, a instalación dunha nova incineradora é incompatíbel co obxectivo de redución do 10% e reutilización e reciclado do 50% dos residuos domésticos que fixa a normativa legal en vigor. E hoxe máis que nunca debe terse en conta que a incineración preséntase como a alternativa máis custosa, pero a que menos emprego permite crear (entre 5 e 10 veces menos que a reciclaxe e compostaxe).

Que a Xunta de Galiza abandone a idea de construír unha nova incineradora de residuos urbanos no noso país e que destine os fondos previstos a financiar proxectos comarcáis de reciclaxe e compostaxe; ou que o Goberno galego financie prioritariamente actuacións de recollida selectiva, acompañado de educación ambiental e implantación da compostaxe doméstica e comunitaria, contribuirá a que Galiza incremente a reciclaxe en máis de 300.000 toneladas, evitará unha nova planta centralizada de residuos e acadará até 3.000 empregos novos., distribuídos de forma xusta e solidaria.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte **ACORDO**

1. **Manifestar o apoio á tramitación da "proposición de lei para a aplicación efectiva dos principios de redución, reutilización e reciclaxe de residuos en Galiza", actualmente en tramitación.**
2. **Solicitar o abandono por parte da Xunta da idea de construír unha nova incineradora de residuos urbanos en Galiza.**
3. **Solicitar que a Xunta destine os fondos previstos para a incineradora ao financiamento de proxectos comarcáis de reciclaxe e compostaxe, que permitan a creación de emprego ñas diferentes localidades e alcanzar os obxectivos de recollida selectiva e reciclaxe das sociedades avanzadas.**
4. **Solicitar da Xunta de Galiza o financiamento prioritario das actuacións de mellora da recollida selectiva, incluíndo alí onde sexa axeitada a recollida porta a porta, e das actuacións de prevención a través da educación ambiental e a implantación da compostaxe doméstica e comunitaria.**
5. **Destinar parte do orzamento municipal para Implantar programas de educación ambiental para a redución de residuos e xestionar os residuos orgánicos mediante a compostaxe caseira e comunitaria.**



Toma a palabra o Voceiro do BNG, Sr. Mesias Faría, esta moción refírese o tema de SOGAMA, a repercusión que ten o reciclaxe e a reutilización, pasando seguidamente a dar lectura da proposta de Acordo.

Aberto un turno de intervención para fixar posicións, toma a palabra o Voceiro de NAL Sr. Luis Cendán Fernández: Eu quería facer unha pequena introducción, aínda que estamos no fondo de acordo, con toda a exposición de motivos, e os datos poden variar algo, hai uns interrogantes aquí que se poden abrir, o ideal sería tratar de levar a financiación necesaria os proxectos de comarcalización, pero aquí eu entendo que a financiación para esos proxectos, non sei se serían viables, dado ademais cos datos que aquí ademais se alude por aquí, a situación das empresas actuais na coiuntura económica, que estamos atravesando non pasa polo mellor momento. Vos decidís aquí na moción que ECOEMBES esta incumprindo e a Xunta en canto ós compromisos adquiridos, e isto o mellor pode supoñer, un incremento do custo de usuario, que sí o Concello xa está cunhos custos que non lle corresponden pagar, imaxino que este caso de utilizar a Moción como se trae aquí vai a aumentar o custo, non sei se ven os Concellos ó ven ó usuario, eses son os pequenos interrogantes, porque isto se presenta e nada máis lóxico que todas as políticas deben de ir encamiñadas o respecto do medio ambiente, xa que non pode ser de outra maneira polas directivas europeas, nacionais e autonómicas que están aprobadas neste sentido, creo que todo tipo de política ou acción política debe de ir encamiñada ó respecto escrupuloso da Lei, pero dicindo isto as interrogantes que se me abren é o tema de financiación, xa vedes agora mesmo, e ademais non está pasando polo mellor momento, hai manifestacións de ECOMBES có persoal e unha sobreesaturación en canto ó temas das plantas aquí, que eludides tanto a de Barbanza como a de A Coruña, e entón aquí se abre unha problemática importante, eu digo que se hai unha financiación e por parte da Xunta dispoñibilidade para poder manter isto eso sería o ideal, polo tanto todos estamos de acordo co fondo da Moción, pero o interrogante xa digo é o tema de financiamento, pero como xa hai moita experiencia en outros casos tan falados últimamente como o tema da dependencia, eu penso que este en caso de aprobarse nestes termos que o mochuelo nos vai a caer ós Concellos, e non estamos agora para este tipo de florituras, e digo isto porque eso xa sería o lóxico o efectivo o ecolóxico e o de sentido común polo tanto, eu me vou a abster porque non hai datos suficientes, non hai



un estudio económico financiero, de que faga viable esta proposta que aquí se pretende polo tanto a miña posición neste tema vai a ser a abstención.

Toma a palabra o voceiro do Partido Popular Sr. Sixto Galiano, manifestando que nos vamos a votar en contra de esta Moción, incrementase o compostaxe da reutilización e reciclaxe, a incineración aparece como o proceso final, so se incinerará o que non se aproveite, en definitiva a moción non responde á verdade e non pode ser apoiada, mostra un descoñecemento completo do Plan de Xestión dos Residuos urbanos de Galicia do 2010 ó 2020, imputalle unhas características e finalidades que non ten, fundamentalmente sinalar como única e final forma de tratamento a incineración, oculta as vantaxas que representa como é a aposta pola redución de residuos, o uso da compostaxe, o incremento da reutilización e a reciclaxe, a redución dos depósitos en verquido e so en último termino a valoración enerxética do residuo no susceptible de aproveitamento, e sobre todo demostra a falla de rigor e responsabilidade dun grupo político que esquece que este Plan de residuos ven a resolver un problema acuciante que ten Galiza e de forma moi especial os Concellos, que teñen na recollida e tratamento dos residuos unha das súas competencias, e un dos seus maiores retos para a calidade e a protección do medio ambiente.

Interven o Voceiro do BNG Sr. Mesias Farias: Respostarlle o voceiro de NAL que estes interrogantes que se lle prantexan están no punto 4 e 5.

O Sr. Alcalde manifesta que a posición do grupo Socialista é a favor.

Sometida a votación a Moción o Pleno do Concello por 8 votos a favor 2 do BNG e 6 do PSdeG-PSOE, 3 votos en contra do Grupo Municipal Popular e 1 abstención de NAL, acorda prestarlle a súa aprobación á Moción anteriormente transcrita.

B) MOCIÓN DO PSdeG-PSOE: APOIO Á ASOCIACIÓN DE ALFOMBRAS FLORAIS.

Dase conta da Moción do PSdeG PSOE sobre aprobación A Asociación de Alfombras Florais, que seguidamente se transcribe:

O Grupo Municipal Socialista do Concello de Ares, a través do seu portavoz, Eugenio Fernández Lago, de conformidade co disposto no Regulamento de Organización,



Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locáis, presenta ante o Pleno da Corporación Municipal a presente **MOCIÓN**, ao obxecto de ser incluída na orde do día do Pleno ordinario e debatida no rnesmo, en base ós motivos e consideracións expresadas na seguinte:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Se hai unha festa no municipio de Ares que destaque pola súa vistosidade e, sobre todo, pola participación do conxunto da cidadanía, esta é a do Corpus, na que ducias de vecinos e vecinas traballan durante meses para elaborar unhas alfombras floráis polas rúas da vila que, durante a xornada de celebración do Corpus, son admiradas por miles de persoas, tanto deste concello como do resto de Galicia.

Despois de 25 anos de traballo, o actual grupo de gobernó local solicitou ante a Xunta de Galicia a declaración da festa como de Interese Turístico Autonómico, petición que foi atendida por unanimidade e concedida no ano 2011 -ano no que celebraba a 26 edición-.

Ademáis, nestes anos a Asociación de Alfombras Floráis, que destaca polo esforzó realizado para manter e potenciar esta celebración tan seguida na comarca de Ferrol terra e, en xeral, en toda Galicia, foi recibindo achegas económicas da Deputación, xa que sen estas subvencións sería imposible poder levar a cabo as tarefas que desenvolven. De feito, no ano 2012 a entidade aresá recibiu 4.900 euros para a festividade do Corpus.

Pois ven, este ano 2013 a Deputación Provincial rebaixou escandalosamente esta fundamental axuda económica, que queda agora en 2.300 euros. Esta cantidade, que baixa en máis da metade o percibido no exercicio anterior, pon en serio perigo unha festa que, ademáis de ter un importante arraigo cultural entre os aresáns e aresás, supón un revulsivo para o turismo, o principal sector neste municipio pero que, como acontece en todo o país, está a sufrir dun xeito importante a crise económica.

Non parece de recibo, pois, que unha festa destacada e recoñecida pola propia Xunta de Galicia, poida desaparecer e perder o distintivo que ten dende hai dous anos pola desidia e recortes salvaxes e inxustos desta Deputación Provincial.

ACORDOS

O Grupo Municipal Socialista presenta esta **MOCIÓN** diante do Pleno desta Corporación para instar á Deputación Provincial da Coruña a:



- 1.- Atender como se merece, e como así o considera a Xunta de Galicia coa declaración deste festa como de Intereses Turístico Autonómico en 2011, a festa do Corpus e as Alfombras Floráis de Ares.
- 2.- Materializar este respaldo coa sinatura urxente entre Deputación e Asociación de Alfombras dun convenio nominativo a través do que a institución provincial outorgue para este mesmo ano a cantidade de 6.000 euros ou, en todo caso, a mesma que se concedeu en exercicios anteriores.”

Interven o Sr. Alcalde, que o que se trata e de acadar un investimento máis ou menos igual que ó do ano pasado, o custo da alfombra ven a ser máis ou menos entre 6000 e 8000 euros, e entre a Subvención da Deputación e a Subvención do Concello e os fondos propios da asociación veñense a cubrir sen ningún problema, e ademáis tiñamos o compromiso por parte da Deputación de proceder a subvención similar nos próximos anos, en consecuencia entorno os 5000 euros, de feito o ano pasado foron 4900 euros, sorprendemente este ano baixou a menos da metade 2300 euros, e eso xenerou unha pouca alarma nos veciños e en consecuencia o único que queremos facer con está moción é respaldar a labor de esta Asociación e pedir que se lle atenda a través dun convenio nominativo no que se lle garante unha cantidade similar á de todos estes anos para que podan facer as súas contas, e en consecuencia teñan estabilidade nos ingresos nin máis nin menos que para cometer está obra tan importante e tan laboriosa para o pobo de Ares, en consecuencia se pide atender como se merece como así o considera a Xunta de Galicia con a consideración desta festa como de Interese Túrístico Autonómico en 2011, a Festa do Corpus e as Alfombras Florais de Ares, e 2 materializar este respaldo coa sinatura urxente entre a Deputación e a Asociación de Alfombras dun convenio nominativo a través do que a institución Provincial otorgue para este mesmo ano a cantidade de 6000 euros ou en todo caso a mesma que se concedeu en exercicios anteriores, este é o contido da Moción.

Aberto un turno de intervencións, toma a palabra o voceiro de NAL Sr. Luis Cendán: Haber Alcalde eu quero facer un inciso pequeno, estou de acordo totalmente e así o corroboramos na xunta de voceiros, era a proposta túa e dixeches que non tiñas ningún inconveniente en presentalo como Institucional, e foi ese o acordo, nada máis.

Sr. Alcalde é certo, e me esquecin. O sinto entonces non é unha Moción do Grupo Socialista é unha Declaración Institucional, e perdonade que non nos dimos conta á hora de elaborar a Orde do Día.



Toma a palabra o Voceiro do BNG Sr. Mesías Farías, certo é que falamos eso, pero tampouco pasa nada, da mesma maneira que falamos que a Xunta de Voceiros os puntos van para falar, todo isto xa fixen fincapé en que as veces non era posible chegar a un acordo na xunta de voceiros, entón nos estamos de acordo como xa dixemos na xunta de voceiros, so que o detalle este de poñer unha cantidade non o vemos lóxico sobre todo como está funcionando agora o tema das subvencións, entón nos entendemos que a Deputación no ano 2010, puxo unha cantidade de 3900 euros, no ano 2011 catro mil e pico, e no ano 2012 2299 euros, pero nos tamen pensamos que era bo que desde o Concello se visualizase un interese verdadeiro por apoiar esta festa, entón nos entendemos que tamén deberá de aportar un pouco máis para xustificar dalgunha maneira esta petición, porque o Concello pasou de subvencionar 2600 a 2200 euros, 4000 euros no ano 2012 e agora neste ano van 2000, era bo que se visualizase tamén o sentido, e con respecto á rebaixa temos que saber o porque, sabemos que hai rebaixas a todas entidades culturais, e casualmente non hai rebaixas senón que hai un apoio grande a aquelas actuacións de reparacións de igrexas, entón nos eso no fondo estamos de acordo coa moción, pero eliminaríamos esa cantidade de 6000 euros, senón o que iríamos é a materializar ese respaldo dunha sinatura entre a Deputación, como unha especie de colaboración para apoiar esta festa.

Interven o voceiro do Partido Popular Sr. Sixto Galiano: Nos seguimos na mesma liña que dicía o voceiro de NAL, nos vale exactamente que sexa un documento institucional o vamos a apoiar en todos os sentidos, pero vou a facer unha pregunta que cantidade monetaria lle da o Concello de Ares.

Resposta o SR. Alcalde que 2600 euros, nos pagamos a alfombra o 100%, houbo un momento en que efectivamente a Alfombra Flora non tiña personalidade xurídica para pedir subvencións, entón tiveron que constituirse en Asociación, e claro ese ano, como non eran Asociación non poideron pedir, e a pagamos totalmente, lles pedimos que se constituirán en Asociación e fun á Deputación e con Salvador Fernández Moreda cheguei a un acordo, para que efectivamente lle subvencionaran entre a Deputación e o Concello o 100% do gasto, evidentemente a Deputación aportaba máis que nos, e así foi ata este ano, onde a redución da Deputación é tan brutal que non saen as contas, entón sempre contábamos con ese compromiso da Deputación entorno os 5000 euros máis 2600 do Concello que sempre é un pouco máis, xa que son 2600 en metálico, pero logo lles poñemos homes para ir a cortar, lles poñemos vehículos para ir a cortar, efectivamente o custo deses homes e eses vehículos o asume o Concello, polo xeneral un mes antes da alfombra unha boa parte da plantilla municipal está adicada a tarefas de apoio, ben conducindo vehículos ou ben como a xente é moi maior subíndose, e dicir a aportación municipal é maior, agora monetaria



son 2600 euros, en especie moito maior, o temá é que entre todos e de maneira voluntaria e aparte conveniada, houbo unha reunión co Presidente da Deputación e esto estaba indo ben, nos entendíamos e esto se cubría, houbo unha rebaixa efectivamente a menos da metade, de 4900 a 2300 euros, e así non hai contas que den, entonces que se lle recorda á Deputación, se lle recorda que a alfombra é a mesma, que o compromiso existe, e que a actividade vale a pena porque ademáis hai dous anos se declarou de interés turístico Galego, entonces non ten xustificación ese recorte, eles alegan os recortes de que non hai moito diñeiro, pero eu creo que efectivamente hai posibilidades de amañalo, e seguramente esta moción vai a axudar a buscar unha solución porque é unha diferenza que efectivamente é pequena pero para a Asociación e brutal son 2700 euros, entonces a alfombra non se vai a quedar sen facer, se a Deputación non vai a poñer nada os vai a poñer o Concello, eses 2700 euros non vai a quedar a Alfombra sen levarse a cabo porque a Deputación faiga este recorte, non é a primeira vez que xa a pagamos totalmente, pois loxicamente está claro que lle daríamos ese apoio como o dimos en outras ocasións porque creemos que o merece, agora creo que non vai haber ningún problema e a Deputación vai a entrar en razón, e que vai a intentar equilibrar o compromiso existente, que é de 4900-5000 euros, por eso puxemos Emilio esa cantidade, porque responde un pouco ó compromiso que máis ou menos había,

Sr. Sixto Galiano: En calquer caso me parece unha cantidade exiguua, que o Concello de esa cantidade me parece exiguua, sendo o acto cultural máis importante dos que hai, penso que o Concello debería poñer máis diñeiro, vexo máis importante que no 2012 se meterán máis diñeiro para isto e non que se meterán 4000 euros para un acto cultural como é un campeonato de Dominó, ou que a unha Peña Barcelonista se lle den 6000 ou 8000 euros, se isto é básico é importante canto máis diñeiro mellor, entonces nos vamos a apoiar este documento institucional, e solicitamos aumentar ese diñeiro.

Sr. Alcalde, nos o que facemos é cumprir os acordos preexistentes, eu se me reuno co Presidente da Deputación co das Alfombras e chegamos a un acordo, pois chegamos a ese acordo, o Concello pon 2600 euros, vehículos e homes, a Deputación, pon 4900 euros, e eles con fondos propios creo que dous mil e pico tamén, ese é o acordo que había, o rompe a Deputación de maneira unilateral, por eso ben está moción, nos facemos o que loxicamente viñamos facendo, é unha Declaración por tanto Institucional eu pediría que se mantivera a cantidade de 6000 euros porque se non poñemos cantidade nos poden ventilar con calquera, e a reivindicación e que nos dan 2300 e non poden ser 2300, entonces nos temos que facer unha reivindicación sensata, 6000 ou o que se viña dando que son 4900 euros, creo que é importante manter a cantidade.



Interven o Sr. Mesías Farías, estamos falando de forma distinta, esto ben a colo porque como ti ben diseches a Deputación fixo un recorte brutal a subvencións das asociacións, nos o que queremos poñer de manifesto e que ten que haber por parte do Concello unha vontade de que nos queremos de que se faga isto, entón cos datos que eu teño nos damos 2000 euros neste ano 2013, pero que o ano pasado o Concello puxo 4000 euros, este ano pon a metade do que puxo o ano pasado, entón nos o que dicimos e que hai que ir a un convenio coa Deputación, pero isto de poñer a cantidade sabendo como están as cousas, me parece un pouco excesivo, entón nos mantemos isto. Vamos a chegar a Deputación, e nos van a espetar, que nos poñemos cartos e vostedes que din que é tan importante a festa das Alfombras, e lle da 2000 euros, e lle adica 3000 euros á Peña Deportivista por exemplo, nestas subvencións nominativas, o que digo eu que tiñamos coidado, porque nos van a esixir que tiñamos ben claro, e que sexamos quen de poder esixir o que de verdade queremos.

Sr. Alcalde, non pode ser declaración institucional o que non compartimos, polo tanto o mantemos como Moción e se vota, efectivamente aquí se dixo por activa e por pasiva que cando a alfombra tivo dificultades para facerse o Concello subsidiariamente puxo o diñeiro, entón cando non tiña personalidade xurídica para pedir subvencións colaboramos, e o ano pasado estaban asfixiados por un tema de facturas de anos anteriores dun acumulado e tamén tivemos que colaborar, entón nos funcionamos respecto da alfombra como caixa solidaria, facemos contas con eles e lles damos, o que nos piden e eles teñen unha previsión, se esa previsión falla a cubre o Concello, sempre foi así, agora se hai un acordo por certo, eu cando vou a falar con un Conselleiro e lle pido un abastecemento para Barracido e me di que si, non lle digo que me o mande por escrito, me vou co si, e polo xeral cumpren, entón son compromisos verbais, pero é que en política e así, que lle vou dicir o Presidente da Deputación, que o poña por escrito senon non me vou de aquí, entón eles dín que dan 4900 euros, a Alfombra ten as súas contas que é unha entidade privada e punto, sen ánimo de lucro, logo súas contas se van ó garate e necesitan máis pois o Concello o pon, agora que intentamos que cada un cumpra a súa parte, e a mín a Alfombra me di que a Deputación tiña prometidas 4900 euros, e non é que me o digan, e que estaba eu na reunión, e é así, entón non pode ser declaración é moción do Grupo Socialista e a votamos.

Rematado o debate sometese a votación a emenda do BNG de retirar a cantidade, e o Pleno do Concello 2 Votos a Favor do Grupo Municipal do BNG 6 votos en contra do PSdeG-PSOE e 4 abstención (3 PP e 1 NAL), acorda rechazala.



Acto seguinte sometese a votación a Moción e o Pleno do Concello por unanimidade acorda prestarlle a súa aprobación.

O Sr. Alcalde manfiesta que Augas de Galicia sabedes que á Entidade que está detrás da execución da obra da EDAR e Augas de Galicia notifica que posiblemente se remate en prazo, e a posta en funcionamento, pon de manifesto a necesidade de proceder a convocar un concurso que constitue a conservación e o mantemento de toda a estrutura de colectores e bombeos que se executou para esta obra e que afecta os tres Concellos que son Ares, Fene e Mugardos, sabedes que Ares asumeu por delegación deste Concellos, a xestión de todo, o proceso que ten que ver coa execución da estación Depuradora de Augas residuais de Punta A Varenta, e en consecuencia eses dous Concellos e Augas de Galicia non instan a aprobar un Prego de Clausulas que o único que efectivamente buscan pois é efectivamente nin máis nin menos que regular a concesión nun procedemento aberto pois da conservación e mantemento de todo ese entramado de colectores e bombeos, eses colectores e bombeos están en terreos dos tres concellos, e en virtude desa delegación vai a ser Ares quen proceda a contratación e corre moita presa porque esto ten que ir parexo co final de obra, cando a obra este terminada teñen que estar os colectores e bombeos perfectamente funcionando, en consecuencia esan son as razóns polo que temos que incorporar hoxe, onte non tiñamos o visto bo de Fene, tivemos que efectivamente retrasar o Pleno para hoxe, e hoxe nos deu a conformidade o Secretario do Concello de Fene, tedes ahí o informe e todas as consideracións legais, os antecedentes, o propio Prego, e en consecuencia vamos a votar se o estimades oportuno a urxencia, e logo se procede someteremos a aprobación Plenaria este punto.

Sometida a votación a inclusión pola vía urxencia este punto, o Pleno da Corporación por 10 votos a favor (6 PSdeG-PSOE, 3 PP e 1NAL e 2 abstencións do Grupo Municipal do BNG), acorda aproba-la urxencia e a súa inclusión na Orde do Día.

Aberto un turno de intervención para fixar as posicións, toma a palabra o voceiro de NAL Sr. Luis Cendán Fernández, manifestando que vai a votar a favor.

Toma a palabra o voceiro do BNG Sr. Mesías Farías, manifestando que el non se pode manifestar sobre isto, que lle acaban de entregar hai cinco minutos, eu creo que é unha irresponsabilidade aprobar isto sen estudar, a mín esa excusa de que se retrasou o Pleno porque esto viña non é así, porque cando me chamou a Secretaria do Alcalde o que me dixo foi que o Pleno non se facía o xoves, porque o Alcalde tiña que ir a unha reunión.

Sr. Alcalde polas duas cousas, e o pleno xa está ratificado.



Sr. Mesias Farías, si xa o sei, e nos mandaremos onde teñamos que mandar o informe denuncia sobre este Pleno, á Consellería de Xustiza e Administracións Públicas, nos nos vamos a abster porque non nos vamos a manifestar sobre algo que non coñecemos, e que debería ir cando menos a Comisión, moitas grazas.

Interven o Voceiro do Grupo Popular Sr. Sixto Galiciano, quen manifesta que no mesmo sentido que o voceiro do BNG, que nun minuto non se pode analizar todo esto, polo que a súa postura vai a ser a abstención.

Sr. Alcalde, haber os procedementos son válidos a todos os efectos, no PP neste Pleno moitas veces presentou mocións pola vía de urxencia, se vota a urxencia e temos dous minutos para ver o que presentades e se vota, bueno pois este é o mesmo procedemento porque parece máis complicado porque é un prego, si, pero é o mesmo procedemento que vos utilizades para presentar as vosas cousas, pero digo que efectivamente non hai nin trimpa nin carton poque é un procedemento establecido, nos corre presa, porque as obras van a terminar, nos insta efectivamente augas de Galicia, e os concellos aprobalo, e presentamos o procedimientto, cando vos presentades mocións pola vía de urxencia o Grupo Socialista tamén ten un minuto para velas, e máis as mira e vota, entonces o procedemento é o legalmente establecido.

Dase conta do informe de Secretaria intervención que seguidamente se transcribe:

INFORME DE SECRETARÍA

Asunto : Aprobación prego de cláusulas administrativas e prescricións técnicas particulares modalidade de concesión por procedemento aberto, oferta economicamente máis vantaxosa, único criterio de adxudicación e tramitación urxente.

De acordo co ordenado pola Alcaldía, e en cumprimento do establecido no artigo 3.a) do Real Decreto 1174/1987, de 18 de setembro, polo que se regula o Réxime Xurídico dos Funcionarios de Administración Local con Habilitación de Carácter Nacional, emito o seguinte, **INFORME**

ANTECEDENTES



Primeiro.- Por Decreto 83/2010, do 20 de maio, o Consello da Xunta de Galicia aprobou a declaración de urxente ocupación, para efectos de expropiación forzosa, dos bens e dereitos necesarios para a realización das obras do proxecto de actuacións de saneamento na zona norte da ría de Ares e na zona sur da ría de Ferrol, dos Concellos de Ares, Mugardos e Fene (DOG núm. 102, do 1-6-10).

Segundo.- Con data 17 de outubro do 2012, constitúese a Comisión Mixta de Coordinación para a Xestión compartida do servizo de bombeos : Actuacións de saneamento na zona norte da ría de Ares e na zona sur da ría de Ferrol. "EDAR".

Terceiro.- Estando próximo a rematar os traballos de execución da EDAR, procede Iniciar o proceso de contratación para a xestión do servizo de explotación e mantemento do sistema pertencente á actuación de saneamento da zona norte da ría de Ares e sur da ría de Ferrol (conduccións e bombeos) Ares, Fene e Mugardos.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

PRIMEIRO. O artigo 8 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, define o contrato de xestión de servizos públicos como aquel en cuxa virtude «unha Administración Pública ou unha Mutua de Accidentes de Traballo e Enfermidades Profesionais da Seguridade Social, encomenda a unha persoa, natural ou xurídica, a xestión dun servizo cuxa prestación foi asumida como propia da súa competencia pola Administración ou Mutua encomendante.

As Mutuas de Accidentes de Traballo e Enfermidades Profesionais só poderán realizar este tipo de contrato respecto da xestión da prestación de asistencia sanitaria».

Das diferentes modalidades que pode adoptar a xestión de servizos públicos, de conformidade coa letra a) do artigo 277 do Texto Refundido da Lei de Contratos



do Sector Público, a concesión será aquela pola que o empresario xestionará o servizo ao seu propio risco e ventura.

Quedan excluídos do concepto de contrato de xestión de servizos públicos: os supostos en que a xestión do servizo público efectúase mediante a creación de entidades de dereito público destinadas a este fin; e aqueles en que a xestión do servizo se atribúe a unha sociedade de dereito privado en cuxo capital sexa exclusiva a participación da Administración ou dun ente público da mesma (artigo 8.2 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público).

SEGUNDO A Lexislación aplicable é a seguinte:

— Os artigos 8, 22, 53, 109, 110, 112, 132, 133, 138 e seguintes, 150 e seguintes, 157 a 161, 275 a 289 e Disposición Adicional Segunda do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro.

— O Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

— O Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (artigos vixentes tras a entrada en vigor do Real Decreto 817/2009, de 8 de maio).

— A Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

-- A Lei 9/2010, de augas de Galicia.

-- O Decreto 141/2012, do 21 de xuño, polo que se aproba o regulamento marco do Servizo Público de Saneamento e Depuración de Augas Residuais de Galicia.

TERCEIRO. De acordo co establecido no artigo 112 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, poderán ser obxecto de tramitación urxente os expedientes



correspondentes aos contratos cuxa celebración responda a unha necesidade inaprazable ou cuxa adxudicación sexa preciso acelerar por razóns de interese público. A tales efectos o expediente deberá conter a declaración de urxencia feita polo órgano de contratación, debidamente motivada.

CUARTO. Os efectos, cumprimento e extinción deste contrato de xestión de servizos públicos regularanse polo Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, **excluídos** os artigos 212 apartados 2 a 7 (penalidades por demora), 213 (resolución por demora e prórroga), 220 (suspensión dos contratos) e 222 (cumprimento do contrato e recepción da prestación) e polas disposicións especiais do respectivo servizo, en canto non se opoñan a ela.

QUINTO. Para que a Administración poida xestionar indirectamente, mediante o contrato de xestión de servizos públicos os servizos da súa competencia, de conformidade co artigo 275.1 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, estes deberán ter un contido económico que os faga susceptibles de explotación por empresarios particulares, e en ningún caso, poderán implicar o exercicio da autoridade inherente aos poderes públicos.

SEXTO. Á vista do canon do contrato referenciado que ascende a 563.703,00 euros e 56.370,30 euros de IVE, o órgano competente para efectuar a presente contratación e tramitar o expediente e de conformidade coa Disposición Adicional Segunda do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, será o Pleno da Corporación, dado que en relación co órgano competente para resolver, de conformidade coa Disposición Adicional Segunda do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, corresponden aos Alcaldes as competencias como órgano de contratación respecto dos contratos de obras, de subministración, de servizos, de xestión de servizos públicos, os contratos administrativos especiais, e os contratos privados cando o seu importe non supere o 10% dos recursos ordinarios do orzamento nin, en calquera caso, a contía de seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración non sexa



superior a catro anos, sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere nin a porcentaxe indicada, referida aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, nin a contía sinalada.

Así mesmo, corresponden ao Pleno as competencias como órgano de contratación respecto dos contratos non mencionados no apartado anterior que celebre a Entidade local.

De acordo co establecido no apartado 14 da mesma disposición, para determinar o importe dos contratos regulados na devandita disposición aos efectos de determinar a competencia dos diferentes órganos incluírase no mesmo o importe do Imposto sobre o Valor Engadido.]

SÉTIMO. Dadas as características do servizo público que se pretende xestionar, consideraríase como procedemento máis adecuado para a súa adxudicación o procedemento aberto, oferta economicamente máis vantaxosa, único criterios de adxudicación e tramitación urxente.

No procedemento aberto todo empresario interesado poderá presentar unha proposición, quedando excluída toda negociación dos termos do contrato cos licitadores.

OITAVO. O procedemento a seguir é o seguinte:

A. O expediente iniciarase polo órgano de contratación motivando a necesidade do contrato, determinando a natureza e extensión das necesidades a cubrir, así como a idoneidade do seu obxecto e contido, deixando constancia de todo iso no expediente, segundo dispón o artigo 22 en relación co artigo 109.1 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro. Así mesmo, motivarase a elección do



procedemento conforme ao artigo 109.4 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

B. Iniciado o expediente de contratación ordenarase a redacción do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares.

Pola Intervención realizarase a retención de crédito correspondente, así como o Informe de Fiscalización Previa.

C. Unha vez incorporados devanditos documentos, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o expediente, e dispendo a apertura do procedemento de adxudicación. Devandita resolución autorizará o gasto.

D. O procedemento de adxudicación iniciarase coa convocatoria da licitación, que se anunciará no Boletín Oficial a Provincia de A Coruña.

Este anuncio de licitación publicarase, así mesmo, no Perfil de contratante do órgano de contratación.

E. As proposicións dos interesados, que deberán axustarse ao previsto no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e implican a aceptación incondicionada do contido das condicións, presentaranse polos interesados no prazo de oito contados desde a publicación do anuncio do contrato.

As proposicións serán secretas e cada licitador non poderá presentar máis dunha. A presentación das proposicións certificarase pola Secretaría.



F. O órgano de contratación estará asistido por unha Mesa de Contratación, composta por un Presidente, os Vogais e un Secretario, cuxas funcións serán as enumeradas no artigo 22.1 do Real Decreto 817/2009.

A composición da Mesa axustarase ao disposto no artigo 21 do citado texto legal.

. A composición da Mesa de contratación publicarase no perfil de contratante cunha antelación mínima de catro días con respecto á reunión que deba celebrarse para a cualificación da documentación referida no artigo 146.1 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro.

G. A Mesa de contratación cualificará previamente a documentación (SOBRE «A») a que se refire o artigo 146 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro.

Se a Mesa observase defectos ou omisións emendables na documentación administrativa presentada, outorgará un prazo non superior a tres días hábiles para que os licitadores os corrixan o emenden ante a propia mesa de contratación.

A apertura das proposicións deberá efectuarse no prazo máximo de quince días contado desde a data de finalización do prazo para presentar ofertas. O sobre B abrirase en acto público, cuxa celebración debe ter lugar nun prazo non superior a catro días a contar desde a apertura da documentación administrativa a que se refire o artigo 146.1 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro.



H. O órgano de contratación clasificará, por orde decrecente, as proposicións presentadas e que non fosen declaradas desproporcionadas ou anormais. A clasificación realizarase segundo os criterios de valoración establecidos no prego de cláusulas administrativas.

I. O órgano de contratación requirirá ao licitador que presentase a oferta economicamente máis vantaxosa para que, dentro do prazo de cinco días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente a documentación xustificativa de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social ou autorice ao órgano de contratación para obter de forma directa a acreditación diso, de dispor efectivamente dos medios que se comprometeu a dedicar ou adscribir á execución do contrato e de constituír a garantía definitiva.

Se no prazo concedido non se presentou a documentación, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose neste caso a solicitar a mesma documentación ao licitador seguinte.

J. O órgano de contratación deberá adxudicar o contrato dentro dos tres días hábiles seguintes á recepción da documentación. Non poderá declararse deserta unha licitación cando exista algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios de figuren no prego.

K. A adxudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos ou licitadores e publicarase simultaneamente no perfil de contratante.



L. A notificación deberá conter toda a información necesaria para permitir ao licitador excluído ou ao candidato descartado interpoñer recurso suficientemente fundado contra a decisión de adxudicación.

En particular, os seguintes extremos:

— En relación cos candidatos descartados, a exposición resumida das razóns polas que se desestimase a súa candidatura.

— Con respecto dos licitadores excluídos do procedemento de adxudicación, tamén en forma resumida, as razóns polas que non se admitise a súa oferta.

— En todo caso, o nome do adxudicatario, as características e vantaxes da proposición do adxudicatario determinantes de que fose seleccionada a oferta deste con preferencia ás que presentasen os restantes licitadores cuxas ofertas fosen admitidas.

Na notificación e no perfil de contratante indicárase o prazo en que debe procederse á súa formalización.

A notificación farase por calquera dos medios que permiten deixar constancia da súa recepción polo destinatario. En particular, poderá efectuarse por correo electrónico ao enderezo que os licitadores ou candidatos designasen ao presentar as súas proposicións.

M. De acordo co artigo 161.2 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, en relación co artigo 96 da devandita Lei, o prazo máximo para efectuar a adxudicación será dun mes a contar desde a apertura das proposicións.



N. Segundo dispón o artigo 154.1 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, a formalización dos contratos cuxa contía sexa superior ás cantidades indicadas no artigo 138.3 publicarase no Perfil de contratante do órgano de contratación indicando, como mínimo, os mesmos datos mencionados no anuncio da adxudicación.

O. O contrato deberá formalizarse en documento administrativo dentro do prazo de quince días hábiles, a contar desde o seguinte ao da notificación da adxudicación, constituíndo devandito documento título suficiente para acceder a calquera rexistro público. No entanto, o contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública, correndo do seu cargo os correspondentes gastos.

P. De conformidade co disposto no artigo 333.3 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, deberanse comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de Contratos do Sector Público.

Q. Así mesmo, dentro dos tres meses seguintes á formalización do contrato para o exercicio da función fiscalizadora deberá remitirse ao Tribunal de Contas ou órgano externo de fiscalización da Comunidade Autónoma unha copia certificada do documento no que se formalizase aquel, acompañada dun extracto do expediente en que se derive, sempre que a contía do contrato exceda de 600.000 euros.

Fixadas as posicións polos grupos procedese a súa votación e o Pleno do Concello por 7 votos a favor 6 do PSdeG-PSOE e 1 de NAL e 5 abstención 3 do PP e 2 do BNG acorda prestarlle a súa aprobación, en consecuencia quedan aprobados os Pregos os efectos de sacar a concurso o mantemento da rede de colectores, e estacións de bombeo relativa a Estación depuradora de augas residuais de Punta A Varenta, que figura como anexo ó presente acordo:

ANEXO



**PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES
MODALIDADE CONCESIÓN POR PROCEDIMENTO ABERTO, OFERTA
ECONÓMICAMENTE MÁIS VANTAXOSA, ÚNICO CRITERIO DE
ADXUDICACIÓN E TRAMITACIÓN URGENTE.**

CLÁUSULA PRIMEIRA. Obxecto e Cualificación

O obxecto do contrato é a xestión do servizo público de XESTIÓN DO SERVIZO DE EXPLOTACIÓN E MANTEMENTO DO SISTEMA PERTECENTE Á ACTUACIÓN DE SANEAMENTO DA ZONA NORTE DA RÍA DE ARES E SUR DA RÍA DE FERROL (CONDUCCIÓN E BOMBEOS) ARES, FENE, MUGARDOS.

A explotación do servizo realizarase mediante a modalidade de concesión pola que o empresario xestionará o servizo ao seu propio risco e ventura.

O contrato definido ten a cualificación de contrato administrativo de xestión de servizos públicos tal e como establece o artigo 8 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro.

CLÁUSULA SEGUNDA. Procedemento de Selección e Adxudicación

A forma de adxudicación do contrato de xestión do servizo público de xestión do servizo de explotación e mantemento do sistema pertecente á actuación de saneamento da zona norte da ría de Ares e sur da ría de Ferrol (conducción e bombes) Ares, Fene, Mugardos será o procedemento aberto, no que todo empresario interesado poderá presentar unha proposición, quedando excluída toda negociación dos termos do contrato cos licitadores, de acordo co artigo 157 do



Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro.

Para a valoración das proposicións e a determinación da oferta economicamente máis vantaxosa deberá de atenderse á oferta económica

CLÁUSULA TERCEIRA. O Perfil de contratante

Co fin de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa á súa actividade contractual, e sen prexuízo da utilización doutros medios de publicidade, este Concello conta co Perfil de contratante ao que se terá acceso segundo as especificacións que se regulan na páxina web seguinte: concellodeares.com.

CLÁUSULA CUARTA. Tipo de Licitación

O tipo máximo do presente contrato será de 620.073,30 euros, IVE engadido, sendo o valor estimado do mesmo 563.703,00 euros e no Imposto sobre o Valor Engadido de 56.370,30 euros.

CLÁUSULA QUINTA. Duración do Contrato

A duración do contrato de xestión de servizo público de xestión do servizo de explotación e mantemento do sistema pertencente á actuación de saneamento da zona norte da ría de Ares e sur da ría de Ferrol (conduccións e bombeos) Ares, Fene, Mugar dos será de dous anos (24 meses), poidendo ser obxecto de prórroga



por acordo expreso do Concello acordada cunha antelación de tres meses á expiración do mesmo por 24 meses adicionais, sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas e que a concorrência para a súa adxudicación fose realizada tendo en conta a duración máxima do contrato, incluídos os períodos de prórroga.

A prórroga acordarase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, sen que poida producirse polo consentimento tácito das partes.

CLÁUSULA SEXTA. Acreditación da Aptitude para Contratar

Poderán presentar proposicións as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, non estean incursas en prohibicións para contratar, e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional.

1. A **capacidade de obrar** do empresario acreditarase:

a. Dos empresarios que fosen **persoas xurídicas** mediante a escritura ou documento de constitución, os estatutos ou o acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, no seu caso, no Rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate.

b. Dos empresarios **non españois que sexan nacionais de Estados membros da Unión Europea** pola súa inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos, ou mediante a presentación



dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

c. Dos **demais empresarios estranxeiros**, con informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa.

2. A proba, por parte dos empresarios, da **non concorrencia** dalgunha das **prohibicións para contratar** reguladas no artigo 60 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro poderá realizarse:

a. Mediante testemuño xudicial ou certificación administrativa, segundo os casos, e cando devandito documento non poida ser expedido pola autoridade competente, poderá ser substituído por unha declaración responsable outorgada ante unha autoridade administrativa, notario público ou organismo profesional cualificado.

b. Cando se trate de empresas de Estados membros da Unión Europea e esta posibilidade estea prevista na lexislación do Estado respectivo, poderá tamén substituírse por unha declaración responsable, outorgada ante unha autoridade xudicial.

3. A solvencia do empresario:

3.1 A **solvencia económica e financeira** do empresario poderá acreditarse por un ou varios dos medios seguintes:



a) Declaracións apropiadas de entidades financeiras ou, no seu caso, xustificante da existencia dun seguro de indemnización por riscos profesionais.

b) As contas anuais presentadas no Rexistro Mercantil ou no Rexistro oficial que corresponda. Os empresarios non obrigados a presentar as contas en Rexistros oficiais poderán achegar, como medio alternativo de acreditación, os libros de contabilidade debidamente legalizados.

c) Declaración sobre o volume global de negocios e, no seu caso, sobre o volume de negocios no ámbito de actividades correspondente ao obxecto do contrato, referido como máximo aos tres últimos exercicios dispoñibles en función da data de creación ou de inicio das actividades do empresario, na medida en que se dispoña das referencias do devandito volume de negocios.

3.2. Nos contratos de xestión de servizos públicos, a **solvenza técnica ou profesional** dos empresarios deberá apreciarse tendo en conta os seus coñecementos técnicos, eficacia, experiencia e fiabilidade, o que poderá acreditarse, segundo o obxecto do contrato, por un ou varios dos medios seguintes:

a) Unha relación dos principais servizos ou traballos realizados no últimos tres anos que inclúa importe, datas e o destinatario, público ou privado, dos mesmos. Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público ou, cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este, ou a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario; no seu caso, estes certificados serán comunicados directamente ao órgano de contratación pola autoridade competente.



b) Indicación do persoal técnico ou das unidades técnicas, integradas ou non na empresa, participantes no contrato, especialmente aqueles encargados do control de calidade.

c) Descrición das instalacións técnicas, das medidas empregadas polo empresario para garantir a calidade e dos medios de estudo e investigación da empresa.

d) Cando se trate de servizos ou traballos complexos ou cando, excepcionalmente, deban responder a un fin especial, un control efectuado polo órgano de contratación ou, en nome deste, por un organismo oficial ou homologado competente do Estado en que estea establecido o empresario, sempre que medie acordo do devandito organismo. O control versará sobre a capacidade técnica do empresario e, se fose necesario, sobre os medios de estudo e de investigación de que dispoña e sobre as medidas de control da calidade.

e) As titulacións académicas e profesionais do empresario e do persoal directivo da empresa e, en particular, do persoal responsable da execución do contrato.

f) Nos casos adecuados, indicación das medidas de xestión ambiental que o empresario poderá aplicar ao executar o contrato.

g) Declaración sobre o persoal medio anual da empresa e a importancia do seu persoal directivo durante os tres últimos anos, acompañada da documentación xustificativa correspondente.



h) Declaración indicando a maquinaria, material e equipo técnico do que se disporá para a execución dos traballos ou prestacións, á que se achegará a documentación acreditativa pertinente.

i) Indicación da parte do contrato que o empresario ten eventualmente o propósito de subcontratar.

CLÁUSULA SÉTIMA. Presentación de Proposicións e Documentación Administrativa

As ofertas presentaranse no Concello de Ares, Avda. Saavedra Meneses nº. 12, Ares-15624, en horario de atención ao público, dentro do prazo de oito (8) días contados a partir do día seguinte ao de publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña e no Perfil de contratante.

As proposicións poderán presentarse, por correo, por telefax, ou por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos, en calquera dos lugares establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Cando as proposicións sexan enviadas por correo, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de Correos e anunciar ao órgano de contratación a remisión da oferta mediante télex, fax ou telegrama no mesmo día, consignándose o número do expediente, título completo do obxecto do contrato e nome do licitador.

A acreditación da recepción do referido télex, fax ou telegrama efectuarase mediante dilixencia estendida no mesmo polo Secretario municipal. Sen a



concorrenza de ambos os requisitos, non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data de terminación do prazo sinalado no anuncio de licitación. En todo caso, transcorridos dez días seguintes a esa data sen que se recibise a documentación, esta non será admitida.

Os medios electrónicos, informáticos e telemáticos utilizables deberán cumprir, ademais, os requisitos establecidos na disposición adicional décimo sexta do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro.

Cada licitador non poderá presentar máis dunha. Tampouco poderá subscribir ningunha proposta en unión temporal con outros se o fixo individualmente ou figurase en máis dunha unión temporal. A infracción destas normas dará lugar á non admisión de todas as propostas por el subscritas.

A presentación dunha proposición supón a aceptación incondicionada polo empresario das cláusulas do presente Prego.

As proposicións para tomar parte na licitación presentaranse en tres sobres pechados, asinados polo licitador e con indicación do domicilio a efectos de notificacións, nos que se fará constar a denominación do sobre e a lenda «Proposición para licitar á contratación de xestión de servizo público de xestión do servizo de explotación e mantemento da zona norte da ría de Ares e sur da ría de Ferrol (conduccións e bombeos), Ares, Fene, Mugardos». A denominación dos sobres é a seguinte:

– Sobre «A»: Documentación Administrativa.



— Sobre «B»: Proposición Económica e Documentación Cuantificable de Forma Automática.

Os documentos a incluír en cada sobre deberán ser orixinais ou copias autenticadas, conforme á Lexislación en vigor.

Dentro de cada sobre, incluíranse os seguintes documentos así como unha relación numerada dos mesmos:

**SOBRE «A»
DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA**

a) Documentos que acrediten a personalidade xurídica do empresario.

b) Documentos que acrediten a representación.

— Os que comparezan ou asinen proposicións en nome doutro, presentarán copia notarial do poder de representación, verificado de suficiencia polo Secretario da Corporación.

— Se o licitador fose persoa xurídica, este poder deberá figurar inscrito no Rexistro Mercantil, cando sexa esixible legalmente.

— Igualmente a persoa con poder verificado de suficiencia a efectos de representación, deberá acompañar fotocopia compulsada administrativamente ou testemuño notarial do seu documento nacional de identidade.

c) Declaración responsable de non estar incurso nunha prohibición para contratar das recollidas no artigo 60 do Texto Refundido da Lei de



Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro.

Esta declaración incluírá a manifestación de atoparse ao corrente do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, sen prexuízo de que a xustificación acreditativa de tal requisito deba presentarse, antes da adxudicación, polo empresario a cuxo favor se vaia a efectuar esta.

d) Os que acrediten a clasificación da empresa, no seu caso, ou xustifiquen os requisitos da súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional.

Se a empresa se atopase pendente de clasificación, deberá achegarse o documento acreditativo de presentar a correspondente solicitude para iso, debendo xustificar o estar en posesión da clasificación esixida no prazo previsto nas normas de desenvolvemento do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, para a corrección de defectos ou omisións na documentación.

e) No seu caso, un enderezo de correo electrónico en que efectuar as notificacións.

f) As empresas estranxeiras presentarán declaración de someterse á Xurisdición dos Xulgados e Tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder ao licitante.



SOBRE «B»

**PROPOSICIÓN ECONÓMICA E DOCUMENTACIÓN CUANTIFICABLE DE FORMA
AUTOMÁTICA.**

a) Proposición económica.

Presentarase conforme ao seguinte modelo:

«D. _____, con domicilio a efectos de notificacións en _____, r/ _____, n.º ____, con DNI n.º _____, en representación da Entidade _____, con CIF n.º _____, decatado do expediente para a contratación da xestión do servizo público de xestión do servizo de explotación e mantemento do sistema pertencente á actuación de saneamento da zona norte da ría de Ares e sur da ría de Ferrol (conduccións e bombeos) Ares, Fene, Mugaros por procedemento aberto oferta economicamente máis vantaxosa, único criterio de adxudicación e tramitación urxente, anunciado no Boletín Oficial da Provincia n.º ____, de data _____, e no Perfil de contratante, fago constar que coñezo o Prego que serve de base ao contrato e acéptoo integramente, tomando parte da licitación e comprometéndome a levar a cabo o obxecto do contrato polo importe de _____ euros e _____ euros correspondentes ao Imposto sobre o Valor Engadido.

En _____, a ____ de _____ de 20__.

Sinatura do licitador,



Asdo.: _____».

CLÁUSULA OITAVA. Garantía Provisional

Non se esixe garantía provisional.

CLÁUSULA NOVENA. Criterios de Adxudicación

Para a valoración das proposicións e a determinación da oferta economicamente máis vantaxosa atenderase a un único criterio de adxudicación.

A. Criterios cuantificables automaticamente, puntuaranse en orde decrecente, asignándose unha puntuación máxima de 100 puntos de acordo co seguinte cadro :

Baixa económica ata un 1 % :	5,00 puntos.
Baixa económica de máis dun 1% ata o 2% :	10,0 puntos.
Baixa económica de máis dun 2% ata o 3 % :	12,5 "
Baixa económica de máis dun 3% ata o 4 % :	15,0 "
Baixa económica de máis dun 4% ata o 5% :	17,5 "
Baixa económica de máis dun 5% ata o 6% :	20,0 "
Baixa económica de máis dun 6% ata o 7% :	22,5 "
Baixa económica de máis dun 7% ata o 8% :	25,0 "



Baixa económica de máis dun 8% ata o 9% :	27,5	“
Baixa económica de máis dun 9% ata o 10% :	30,0	“
Baixa económica de máis dun 10% ata o 11% :	35,0	“
Baixa económica de máis dun 11% ata o 12% :	40,0	“
Baixa económica de máis dun 12% ata o 13% :	45,0	“
Baixa económica de máis dun 13% ata o 14% :	50,0	“
Baixa económica de máis dun 14% ata o 15% :	55,0	“
Baixa económica de máis dun 15% ata o 17% :	60,0	“
Baixa económica de máis dun 17% ata o 18% :	65,0	“
Baixa económica de máis dun 18% ata o 19 % :	70,0	“
Baixa económica de máis dun 19% ata o 20% :	75,0	“
Baixa económica de máis dun 20% ata o 22 ´ 50%:	80,0	puntos.
Baixa económica de máis dun 22,50% ata o 25%:	85,0	“
Baixa económica de máis dun 25% ata o 27,50%:	90,0	“
Baixa económica de máis dun 27,50% ata o 30%:	95,0	“
Baixa económica de máis dun 30% :	100,0	“

Caso de empate, procederáse á elección ao chou.

CLÁUSULA DÉCIMA. Mesa de Contratación

A Mesa de Contratación, de acordo co establecido no punto 10 da Disposición Adicional Segunda do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, en



relación co artigo 21.2 do Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público estará formada nos termos do acordo plenario de data 15 de xullo do 2011, á que se incorporaran con voz e voto os Sres. Alcaldes dos Concellos de Fene e Mugardos, poidendo asistir tamén os respectivos Secretarios.

CLÁUSULA UNDÉCIMA. Prerrogativas da Administración

O órgano de contratación, de conformidade co artigo 210 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ostenta as seguintes prerrogativas:

- a) Interpretación do contrato.
- b) Resolución das dúbidas que ofrezca o seu cumprimento.
- c) Modificación do contrato por razóns de interese público.
- d) Acordar a resolución do contrato e determinar os efectos desta.

CLÁUSULA DUODÉCIMA. Apertura de Proposicións

A Mesa de Contratación constituirase no prazo máximo de quince días contado desde a data de finalización do prazo para presentar as ofertas e que será anunciada no perfil do contratista.

Se fose necesario, a Mesa concederá un prazo non superior a tres días para que o licitador corrixa os defectos ou omisións emendables observados na documentación presentada.



Posteriormente, procederá á apertura e exame do Sobre «B», que conteñen os criterios automáticos de adxudicación.

Tras a lectura das devanditas proposicións, a Mesa poderá solicitar cantos informes técnicos considere precisos, para a valoración das mesmas de acordo aos criterios e ás ponderacións establecidas neste Prego.

CLÁUSULA DÉCIMO TERCEIRA. Requiremento de Documentación

Reunida de novo a Mesa de Contratación, á vista da valoración cuxa ponderación é automática (Sobre «B»), a Mesa de Contratación propondrá ao licitador que presentase a oferta economicamente máis vantaxosa.

O órgano de contratación requirirá ao licitador que presentase a oferta economicamente máis vantaxosa para que, dentro do prazo de cinco días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requiremento, presente a documentación xustificativa de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social ou autorice ao órgano de contratación para obter de forma directa a acreditación diso, de dispor efectivamente dos medios que se comprometeu a dedicar ou adscribir á execución do contrato conforme ao artigo 64.2 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, e de constituír a garantía definitiva que sexa procedente.

CLÁUSULA DÉCIMO CUARTA. Garantía Definitiva

O licitador que presentase a oferta economicamente máis vantaxosa deberá acreditar a constitución da garantía dun 5% do importe de adxudicación, excluído o Imposto sobre o Valor Engadido.



Esta garantía poderá prestarse nalgunha das seguintes formas:

a) En efectivo ou en valores de Débeda Pública, con suxeición, en cada caso, ás condicións establecidas nas normas de desenvolvemento desta Lei. O efectivo e os certificados de inmovilización dos valores anotados depositaranse na Caixa Xeral de Depósitos ou nas súas sucursais encadradas nas Delegacións de Economía e Facenda, ou nas Caixas ou establecementos públicos equivalentes das Comunidades Autónomas ou Entidades locais contratantes ante as que deban producir efectos, na forma e coas condicións que as normas de desenvolvemento desta Lei establezan.

b) Mediante aval, prestado na forma e condicións que establezan as normas de desenvolvemento desta Lei, por algún dos bancos, caixas de aforros, cooperativas de crédito, establecementos financeiros de crédito e sociedades de garantía recíproca autorizados para operar en España, que deberá depositarse nos establecementos sinalados na letra a) anterior.

c) Mediante contrato de seguro de caución, celebrado na forma e condicións que as normas de desenvolvemento desta Lei establezan, cunha entidade aseguradora autorizada para operar no ramo. O certificado do seguro deberá entregarse nos establecementos sinalados na letra a) anterior.

A garantía non será devolta ou cancelada até que se producise o vencemento do prazo de garantía e cumprido satisfactoriamente o contrato.

Esta garantía responderá dos conceptos incluídos no artigo 100 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto



Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro.

CLÁUSULA DÉCIMO QUINTA. Ofertas con Valores Anormais ou Desproporcionados

O carácter desproporcionado ou anormal das ofertas apreciarase nos termos previstos no artigo 152.2 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro e no Real Decreto, ou sexa o carácter desproporcionado ou anormal das ofertas apreciarase nos termos previstos na normativa de desenrolo do Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, e no seu caso no Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

CLÁUSULA DÉCIMO SEXTA. Adxudicación do Contrato

Recibida a documentación solicitada, o órgano de contratación deberá adxudicar o contrato dentro dos tres días hábiles seguintes á recepción da documentación.

En ningún caso poderá declararse deserta unha licitación cando exista algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que figuren no prego.

A adxudicación deberá ser motivada notificarase aos candidatos ou licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante.



A notificación deberá conter, en todo caso, a información necesaria que permita ao licitador excluído ou candidato descartado interpor recurso suficientemente fundado contra a decisión de adxudicación. En particular expresará os seguintes extremos:

- En relación cos candidatos descartados, a exposición resumida das razóns polas que se desestimou a súa candidatura.
- Con respecto dos licitadores excluídos do procedemento de adxudicación tamén en forma resumida, as razóns polas que non se admitiu a súa oferta.
- En todo caso, o nome do adxudicatario, as características e vantaxes da proposición do adxudicatario determinantes de que fose seleccionada a oferta deste con preferencia ás que presentasen os restantes licitadores cuxas ofertas fosen admitidas.
- Na notificación e no perfil de contratante indicárase o prazo en que debe procederse á súa formalización.

CLÁUSULA DÉCIMO SÉTIMA. Formalización do Contrato

A formalización do contrato en documento administrativo efectuarase dentro dos quince días hábiles seguintes a contar desde a data da notificación da adxudicación; constituíndo devandito documento título suficiente para acceder a calquera rexistro público.

O contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública, correndo do seu cargo os correspondentes gastos.

CLÁUSULA DÉCIMO OITAVA. Dereitos e Obrigacións



A) Obrigas do Contratista

Ademais das obrigacións xerais derivadas do réxime xurídico do presente contrato, son obrigacións específicas do contratista as seguintes:

— Prestar o servizo coa continuidade convida e garantir aos particulares o dereito a utilizalo nas condicións que fosen establecidas e mediante o abono, no seu caso, da contraprestación económica comprendida nas tarifas aprobadas.

— Coidar a boa orde do servizo, podendo ditar as oportunas instrucións, sen prexuízo dos poderes de policía atribuídos á administración.

— Indemnizar os danos que se causen a terceiros como consecuencia das operacións que requira o desenvolvemento do servizo, excepto cando o dano sexa producido por causas imputables á Administración.

— Respetar o principio de non discriminación por razón de nacionalidade, respecto das empresas de Estados membros da Comunidade Europea ou signatarios do Acordo sobre Contratación Pública da Organización Mundial do Comercio, nos contratos de subministración consecuencia do de xestión de servizos públicos.

— Percibir dos usuarios do servizo as tarifas aprobadas pola Administración concedente pola xestión e explotación do servizo.

— Obter a adecuada compensación económica para manter o equilibrio económico da concesión, no caso de modificacións do servizo impostas pola



Corporación que aumenten os custos ou diminúan a retribución; e nos casos en que por causas alleas ás partes contratantes fosen alteradas as bases económicas da concesión contempladas no momento do seu outorgamento.

— Obrigacións laborais e sociais. O contratista está obrigado ao cumprimento das disposicións vixentes en materia laboral, de seguridade social e de prevención de riscos laborais, adoptando as medidas de protección individuais e colectivas que resulten necesarias.

— O contratista está obrigado a dedicar ou adscribir á execución do contrato os medios persoais ou materiais suficientes para iso, esta obrigación considérase esencial. (Artigo 64.2 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro).

— O contratista está obrigado ao cumprimento dos requisitos previstos no artigo 227 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro para os supostos de subcontratación.

— Gastos exhibibles ao contratista. Son de conta do contratista, os gastos e impostos do anuncio ou anuncios de licitación e adxudicación até o límite máximo de 1.000 euros da formalización do contrato, así como calquera outros que resulten de aplicación, segundo as disposicións vixentes na forma e contía que estas sinalen. No caso de que o esixa algunha das Administracións que financia a obra, o contratista instalará á súa costa carteis de identificación da obra, coas características que se establezan.

-- Deberá presentar no prazo máximo dun mes unha proposta de regulamento no marco da Lei 9/2010, de augas de Galicia, que deberá cumprir



coas determinacións do Decreto 141/2012, do 21 de xuño, polo que se aproba o regulamento marco do Servizo de Saneamento e Depuración de Augas Residuais de Galicia, sen prexuízo do seu carácter de norma supletoria.

-- Deberá presentar no prazo máximo dun mes unha proposta de Ordenanza Fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo no marco da Lei 9/2010, de augas de Galicia axustada ás prescricións do Decreto 141/2012, do 21 de de xuño, polo que se aproba o regulamento marco do Servizo de Saneamento e Depuración de Augas Residuais de Galicia, sen prexuízo do seu carácter de norma supletoria.

-- Comunicar de maneira inmediata calquera avería do proceso productivo ou das súas instalacións de tratamento que poida afectar negativamente á calidade do vertido ao sistema, así como calquera modificación nos procesos que influia en dita calidade.

-- Comunicar calquera circunstancia futura que implique unha variación das características cualitativas ou cuantitativas do vertido, a efectos de proceder, no seu caso, á revisión do permiso.

-- Adaptar a súa actividade e as súas instalacións ás medidas e actuacións que resulten da aplicación das normas previstas no artigo 19 do Decreto 141/2012, do 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento marco do Servizo Público de Saneamento e Depuración de Augas Residuais de Galicia.

B) Obrigas da Administración

— Por a disposición do contratista os medios necesarios para a prestación do servizo.



— Se a Administración non fixese efectiva ao contratista a contraprestación económica ou non entregase os medios auxiliares a que se obrigou no contrato dentro dos prazos previstos no mesmo e non procedese a resolución do contrato ou non a solicitase o contratista, este terá dereito ao interese de demora das cantidades ou valores económicos que aqueles signifiquen, de conformidade co establecido no artigo 216 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro.

CLÁUSULA DÉCIMO NOVENA. Retribución

De conformidade co artigo 281 do Real Decreto Legislativo 372011, do 14 de novembro, polo cal aprobáse o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, o contratista terá dereito á contraprestación económica prevista no prego como tipo de licitación e no seu caso importe de adxudicación, que percibirá directamente da Administración, a cal será revisada, no seu caso, na forma establecida no presente prego de cláusulas.

CLÁUSULA VIXÉSIMA. Revisión de retribución

Tal e como establece o artigo 89.1 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, a revisión do prezo deste contrato poderá ter lugar unha vez transcorrido o primeiro ano de execución do contrato, sen que sexa necesario executar o 20% da prestación.

A formula de revisión de prezos será o IPC interanual.



CLÁUSULA VIXÉSIMO PRIMEIRA. Reversión

Cando finalice o prazo contractual, o servizo reverterá á Administración, debendo o contratista entregar as obras e instalacións a que estea obrigado con de acordo ao contrato e no estado de conservación e funcionamento adecuados.

Durante un período de dous meses anterior á reversión, o Concello adoptará as disposicións encamiñadas a que a entrega dos bens sexa verificada nas condicións convidadas.

CLÁUSULA VIXÉSIMO SEGUNDA. Execución do Contrato

O contratista está obrigado a organizar e prestar o servizo con estrita suxeición ás características establecidas no contrato e dentro dos prazos sinalados no mesmo.

A Administración reserváse a función inspectora respecto das instalacións, ben directamente, ben por medio de entidades colaboradoras debidamente acreditadas.

En todo caso, a Administración conservará os poderes de policía necesarios para asegurar a boa marcha dos servizos de que se trate.

CLÁUSULA VIXÉSIMO TERCEIRA. Modificación do Contrato e Mantemento do Equilibrio Económico



Soamente poderán efectuarse modificacións cando se xustifique a concorrencia dalgunha das seguintes circunstancias :

- *Inadecuación da prestación contratada para satisfacer as necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato debido a erros ou omisións padecidos na redacción do proxecto ou das especificacións técnicas.*
- *Inadecuación do proxecto ou das especificacións da prestación por causas obxectivas que determinen a súa falta de idoneidade, consistentes en circunstancias de tipo xeolóxico, hídrico, arqueolóxico, ambiental ou similares, postas de manifesto con posterioridade á adxudicación do contrato e que non fosen previsibles con anterioridade aplicando toda a dilixencia requirida de acordo cunha boa práctica profesional na elaboración do proxecto ou na redacción das especificacións técnicas.*
- *Forza maior ou caso fortuíto que fixesen imposible a realización da prestación nos termos inicialmente definidos.*
- *Conveniencia de incorporar á prestación avances técnicos que a melloren notoriamente, sempre que a súa dispoñibilidade no mercado, de acordo co estado da técnica, fose producida con posterioridade á adxudicación do contrato.*
- *Necesidade de axustar a prestación a especificacións técnicas, ambientais, urbanísticas, de seguridade ou de accesibilidade aprobadas con posterioridade á adxudicación do contrato.*

CLÁUSULA VIXÉSIMO QUINTA. Penalidades por Incumprimento

A) Incumprimento

Se do incumprimento por parte do contratista derivácese perturbación grave e non reparable por outros medios no servizo público e a Administración non decidise a resolución do contrato, poderá acordar a intervención do mesmo até que aquela desapareza. En todo caso, o contratista deberá abonar á Administración os danos e prexuízos que efectivamente lle irrogase.



B) Penalidades por Incumprimento

Cando o contratista incumprise a adscrición á execución do contrato de medios persoais ou materiais suficientes para iso, imporanse penalidades na proporción de 1.000,00 €. semanais, non podendo a súa contía total ser superior ao 10 por 100 do orzamento do contrato.

Se o incumprimento é considerado como moi grave e atendendo á súa condición de deber esencial tal e como se establece na cláusula relativa ás obrigacións e dereitos, poderá dar lugar á resolución do contrato.

As penalidades imporanse por acordo do órgano de contratación, adoptado a proposta do responsable do contrato se se designou, que será inmediatamente executivo, e faranse efectivas mediante dedución das cantidades que, en concepto de pago total ou parcial, deban abonarse ao contratista ou sobre a garantía que, no seu caso, fose constituída, cando non poidan deducirse das mencionadas certificacións.

CLÁUSULA VIXÉSIMO SEXTA. Resolución do Contrato

A resolución do contrato terá lugar nos supostos que se sinalan neste Prego; nos fixados nos artigos 223, con excepción dos supostos contemplados nas súas letras e) e f); e nos establecidos no artigo 286 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro.



Cando o contrato se resolva por culpa do contratista, incautarase a garantía definitiva, sen prexuízo da indemnización polos danos e prexuízos orixinados á Administración, no que excedan do importe da garantía.

CLÁUSULA VIXÉSIMO SÉTIMA. Réxime Xurídico do Contrato

Este contrato ten carácter administrativo e a súa preparación, adxudicación, efectos e extinción rexeráse polo establecido neste Prego, e para o non previsto nel, será de aplicación o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, o Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, e o Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas en todo o que non se opoña ao Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público e esta vixente tras a entrada en vigor do RD 817/2009; supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, na súa falta, as normas de dereito privado.

A Orde Xurisdiccional Contencioso-Administrativa será a competente para resolver as controversias que xurdan entre as partes no presente contrato de conformidade co disposto no artigo 21.1 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro.”

O prego de prescricións técnicas figura unido o expediente.

PUNTO 7º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Aberto o turno de rogos e preguntas, toma a palabra o voceiro do BNG, Sr. Mesias Farías, manifestando que de toda a documentación relativa ó Plano de Axuste, é un rogo que sexa levada á Comisión de Facenda previa o seu paso polo Pleno, a fin de evitar que se produzan no Pleno preguntas que poderían respostarse tranquilamente na Comisión. Ademais non é de recibo que se presenten os datos como figuran no resguardo de sinatura dixital do seguimento



do Plan de Axuste, isto é infumable, isto non se pode leer Sr. Secretario, é así este formato non é válido, hai outras maneiras de presentalo.

Resposta o Sr. Secretario, que o único que pide a Lei, e que tralla o informe meu e as tres tablas, a regra do gasto o teito de gasto e a estabilidade, eu a maiores o que enviei o Ministerio de Administracións Públicas o metin aquí, son as tablas que ó imprimilas se descadran, se intentaron quitar polos informaticos e non hai forma.

Sr. Mesias Farías, pregunta: A intervención deste concello na seguridade de que a pesares da varianza dos datos que se van producir o utilizar datos estimados do exercicio de 2012, e non vai a repercutir no non cumprimento de estabilidade presupuestaria, me refiro ó informe final de intervención, “na sua virtude por esta Secretaria-Intervención estimase cumprida a execución do Plan de Axuste en relación ó ano 2012” significándose que as cifras que se recollen nos cadros previstos, non está disponible a liquidación do 2011, son unha estimación, estimación que tamén tomouse por conseguinte para elaborar o cumprimento do obxectivo de estabilidade presupuestaria, e por conseguinte variaron os resultados. A pregunta é porque non se cumpriu coa obriga de remitir o informe trimestral, de acordo cos prazos previstos na Lei 15/2010 de 5 de xullo, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

Outra é porque non se presentaron no Pleno anterior as resolucións de data 18/12/2002, resolución da Alcaldía 331-12 de urbanismo, e porque non se presentan as resolucións núm. 1-2-8-12 e 17, e porque aparece nas Resolucións dúas co número 5, grazas.

Resposta o Sr. Secretario, que o duplicado parece ser que o persoal fai as resolucións, ten que pedir a reserva de número, as veces non se pide e se solapan.

Sr. Mesias Farías: e non hai maneira de facer un libro de resolucións.

Sr. Secretario, se fai ó final de ano se encuaderna.

Sr. Mesias Farías, e o feito de que non veñan por orde.

Sr. Secretario, hai xente que non as entrega e se avisa.

Toma a palabra o Voceiro do Partido Popular, Sr. Sixto Galiano, eu teño un rogo e tres preguntas; aquí tiña que haber agora unha Concelleira do Partido Popular, nos manifestamos a nosa máis enerxica queixa e que así quede reflexado na acta deste Pleno, o absurdo e delitado retraso da toma de posesión da Concelleira do Grupo Popular Marta Seijas Díaz, entregando toda a documentación necesaria para ser tramitada na oficina do Sr. Secretario o día 17 de xaneiro de 2013, dita documentación se tramitou unha semana máis tarde, se se houbera



tramitado en tempo e forma evidentemente teríamos unha Concelleira máis aquí, o que extraña aquí e a falla de dilixencia que hai.

Resposta o Voceiro do PSdeG- PSOE, Sr. FERNANDEZ LAGO, que pasou o mesmo co Partido Socialista coa Sra. Barron Ferro que tardou un mes.

Sr. Sixto Galiano, solicito que tan pronto chegue a credencial se formalice un Pleno extraordinario, para darlle posesión.

A primeira pregunta, e que no orzamento do 2013 ven reflexado unha praza de Auxiliar de Ludoteca, como pode ser posible que esta praza exista, se non se está impartindo ningún curso nin de Ludoteca nin esta demandado este servizo.

Resposta a Sra. Barron Ferro, que é Auxiliar Ludoteca – Biblioteca.

A segunda pregunta é en relación a praza de Axuda a Dependencia e servizos básicos, publicada no Boletín Oficial da Provincia, temos constancia de que veu unha inspección por parte da Xunta e queremos saber se hai algún tipo de resolución por parte de inspección, se chegou algún tipo de documento.

A terceira pregunta, nos chegou información acerca dunha serie de irregularidades en relación cunha obra do Plan E, sobre a casa da Xuventude, entón queríamos saber, algo ó respecto.

Resposta o Sr. Alcalde, respecto a praza de Auxiliar Ludoteca, como decía a Xefa de Persoal, e Auxiliar Ludoteca e Biblioteca, entón loxicamente desenrola as súas funcións alí onde é necesaria, e en consecuencia está xustificada e está realizando súas labores.

A segunda pregunta, e se tiñamos algunha resolución, non hai ningunha resolución, nos outros en Comisión de Servizos Sociais, explicamos creo que con gran detenimento e con gran efusión a interpretación do artigo, o Sr. Secretario sigue mantendo que é o correcto.

Sr. Sixto Galiano, pero enviaron algún documento.

Sr. Alcalde, non o único que pediron e que se lle enviara información, e se lles mandou, e non hai nada de momento que nos diga que o que estamos a facer non o estamos facendo ben.

A Sra. Montenegro Paz, di que chegou onte.

Sr. Alcalde, eu non o conozco, no seguinte Pleno te respóndeo porque teño que recabar ese dato.

E en canto a terceira pregunta que te respóndeo o Sr. Secretario, pois é a persoa que está a facer eses informes.



O Sr. Secretario, manfiesta que xa veu o Pleno hai tres meses, o tema é que houbo un modificado a cero, a empresa quedou en contratar a tres traballadores e contratou un menos. Logo se recepcionou a obra e a intervención Xeral do Estado, di que como é que a empresa continua cos traballadores de Alta unha vez que se recepciona a obra. Ese non é problema noso, o contrario se o Plan E ten como finalidade o fomento do emprego, máis ó noso favor, logo se fixeron pagos con tres días fora de prazo, a obra se recepcionou e esta feita. A Administración Xeral do Estado reclama o reintegro, e vamos a respostar, estamos alegando e vamos a reclamar, a obra esta recepcionada e feita e se cumpriu o fin. Agora estamos co tira e afloxa.

Sr. Sixto Galiano, si pero ó mellor o tira e afloxa son douscentos coarenta mil euros.

SR. Alcalde, haber Sixto, nos fixemos unha obra conforme o Plan E como fixemos todas, e nesta Inspección di que a empresa adxudicataria tiña que contratar a 3 e contratou a 2, nos non temos posibilidade de fiscalizar eso, nos cumprimos a obra se fixo e nos a pagamos, pagamos o que valeu, que a empresa en lugar de contratar a 3 contratou a 2, e que despois en lugar de despedilos a fin de obra se quedou con eles, esas son cousas que valora a inspección estatal, e nos loxicamente non estamos de acordo, porque nos cumplimos efectivamente todos os trámites, será unha cousa coa empresa, quen tiña que contratar a 3 homes é a empresa, e contratou a dous.

Sr. Sixto Galiano, pero o Estado non lle solicita o diñeiro á empresa.

Sr. Alcalde, no, no, sen dúbida algunha no lo solicita a nos, pero o solicita inxustamente, e como o solicita inxustamente nos vamos a defender, eu como é a Administración do Estado e Goberno o PP, e ti eres o voceiro do PP, te invito a vir connigo e pedir unha visita a ese abogado do Estado, e intentar decirlle que todo esta ben e que por favor non nos faga dano pedindonos ese diñeiro, te invito a que veñas connigo, te dou o expediente e ves connigo a defender a Ares.

Sr. Sixto Galiano, para eso esta o Alcalde, de que ano é a obra esa.

Sr. Alcalde, se queres vir connigo a defender a Ares eu te invito, te dou o expediente.

Sr. Sixto Galiano, eu non estou para eso, invítame a outro evento, para,para, para.

Sr. Alcalde, mira esto non é unha cárcel, eu non son un interno.

Sr. Sixto Galiciano, e eso a que ven,

Sr. Alcalde, e a túa maneira de intervir neste Pleno, (para, para) eu son o Alcalde, que é eso de para, para, te digo eu a ti para para para.

Sr. Sixto Galiano, a defensa de Ares a fago eu.



Sr. Alcalde, haber Sixto, ti fas un rogo e unha pregunta, ti preguntas o que queres e eu te resposto, se non te gusta o que resposto vale, pero non fagas o que estas facendo.

Sr. Sixto Galiano, non pode dicir si eu quero defender a Ares, eu quero defender a Ares, eu teño meus medios de defender a Ares, e non entendo o da cárcel.

Sr. Alcalde, porque o de para para para, se o dís a un interno non pasillo, pero ó Alcalde non.

Sr. Sixto Galiciano, en que pasillo.

Sr. Alcalde, porque tes unha maneira de dirixirte á xente que non é normal.

Sr. Sixto Galiano, non fale da miña vida privada.

Sr. Alcalde, non falo de tua vida privada, pero estou dicindo que o para para para, non o consinto.

Sr. Sixto Galiano, que esta dicindo que si un pasillo.

Sr. Alcalde, te estou dicindo que esto non é a cárcel nin eu son un interno, así que a mín me tratas con educación e xa está.

Sr. Alcalde, hai algún asunto máis.

Sr. Sixto Galiano, si teño unha queixa, esto é na estrada que vaí desde o cruce de Redes ata Redes ten moi poucos puntos de luz.

Sr. Alcalde, se está con eso, moi ben grazas.

E non tendo máis asuntos para tratar e sendo as dez horas e cincuenta e nove minutos do día ó comenzo sinalado polo Sr. Alcalde-Presidente levantase a sesión de todo o cal eu como Secretario dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,